

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL, NA SÚA MODALIDADE “C” (AXUDAS ÁS DOTACIÓNS DA “REDE GALEGA DE TEATROS DE AUDITORIOS”) PARA O ANO 2007, PUBLICADAS POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO IGAEM DO 15 DE DECEMBRO DE 2006 (D.O.G. Nº 12, DO 17 DE XANEIRO DE 2007).

En Santiago de Compostela, na Sala de Xuntas do **IGAEM**, sendo as 8:30 horas do día 22 de maio de 2007, reúnense en primeira e única sesión sinalada no día de hoxe as persoas relacionadas seguidamente e que compoñen a Comisión de Valoración designada para a baremación e conseguinte puntuación final dos proxectos presentados para as axudas ao sector escénico e musical, na súa modalidade **“C”**, (Axudas para as dotacións e investimentos da *“Rede Galega de Teatros e Auditorios”*), correspondentes ao ano 2007; estando presentes os seguintes membros:

PRESIDENTE: D. Miguel A. Martín Fernández (Xerente do **IGAEM**)

VOGAIS: D. Xavier Campos López (Xefe do Gabinete Técnico do **IGAEM**)
D^a. Marcelina Calvo Domínguez (Coordinadora de actividades internas do **IGAEM**)
D^a. Belén Tabernero Alejandro (Xefa do Servizo Administrativo do **IGAEM**)
D^a María Paredes Rodríguez (Coordinadora de actividades externas do **IGAEM**)

TÉCNICO INVITADO: D. Francisco Veiga Bellón (Rexedor de escena do **IGAEM**)

SECRETARIA: D^a Paula Villasenín Parrado (Asesora do Departamento Xurídico do **IGAEM**)

Procédese en primeiro lugar a dar por aberta a sesión, e seguidamente dáse conta da relación de solicitudes que entraron no rexistro do **IGAEM**, poñéndose de manifesto que as instancias que presentaron documentación e que tiveron entrada ate o día de hoxe no **IGAEM** para participar na citada convocatoria, na modalidade C son, segundo consta na certificación rexistral aportada polo encargado do Rexistro do **IGAEM**, do 26 de marzo de 2007, un total de **TRINTA E DÚAS (32)**, resultando as seguintes:

- 1.- CONCELLO DE SILLEDA
- 2.- CONCELLO DE BURELA
- 3.- CONCELLO DO CARBALLIÑO
- 4.- CONCELLO DE ORTIGUEIRA
- 5.- CONCELLO DE ARTEIXO
- 6.- CONCELLO DE FOZ
- 7.- CONCELLO DE OLEIROS
- 8.- CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
- 9.- CONCELLO DA ESTRADA
- 10.- CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- 11.- CONCELLO DE CANGAS
- 12.- CONCELLO DE MUROS
- 13.- CONCELLO DE CEE
- 14.- CONCELLO DE CULLEREDO
- 15.- CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

- 16.- CONCELLO DE VIVEIRO
- 17.- CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
- 18.- CONCELLO DE VILALBA
- 19.- CONCELLO DE AMES
- 20.- PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE PONTEVEDRA
- 21.- CONCELLO DE BOIRO
- 22.- CONCELLO DE SADA
- 23.- CONCELLO DE VALGA
- 24.- CONCELLO DE OURENSE
- 25.- CONCELLO DE RIBADEO
- 26.- CONCELLO DE CAMBADOS
- 27.- CONCELLO DE REDONDELA
- 28.- CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA
- 29.- CONCELLO DE GONDOMAR
- 30.- CONCELLO DE CARBALLO
- 31.- CONCELLO DE BETANZOS
- 32.- CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Compróbase que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido nas bases, enviándose por medio de fax -ou por outro medio notorio que permitira ter constancia fidedigna da remisión da documentación presentada dentro do prazo límite de presentación- as instancias debidamente cubertas; coa excepción da instancia presentada polo ***Concello de San Sadurniño***, que tivo entrada no Rexistro por portelo único do dito concello o día 26 de febreiro de 2007, tendo entrada tamén nas dependencias do **IGAEM** o 28 de febreiro de 2007, co núm. de rexistro de entrada 644 (o prazo para esta modalidade de axuda rematou o pasado 17 de febreiro de 2007, segundo a base 5ª da convocatoria); polo que todas elas quedarían admitidas, nun principio, na presente convocatoria pública de axudas, agás a do ***Concello de San Sadurniño***, por tela presentado fóra do prazo establecido regulamentariamente.

Asemade, tralo exame da documentación presentada polos aspirantes a esta liña de axudas, acórdase **EXCLUÍR** aos ***Concello de Valga, Silleda e Vilanova de Arousa***, xa que non cumpren cun dos requisitos esenciais e necesarios esixido nas bases da Convocatoria, concretamente na cláusula 2ª, primeiro parágrafo do Capítulo VII, en relación cos beneficiarios que poden solicitar este tipo de achega, ao facerse constar no dito epígrafe que poderán optar ás mesmas ***“as entidades públicas locais titulares de teatros, auditorios e espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios”***: no presente suposto, ao tratarse de concellos que non están inscritos no dito circuíto de programación interna do **IGAEM**, non poderían optar a esta modalidade de axudas; polo que non se podería incluír no ámbito subxectivo desta categoría de subvencións, non cumprindo tampouco co disposto neste epígrafe e procedendo acordar o rexeitamento e denegación das súas solicitudes.

Seguidamente, acórdase comprobar e iniciar a revisión da documentación presentada polas entidades aspirantes a esta convocatoria de axudas, xa requiridas anteriormente polos Servizos administrativos do **IGAEM** e por delegación expresa do seu xerente -de conformidade coa Base 7.1 da convocatoria de axudas públicas-, correspondente á documentación complementaria requirida ás aspirantes á modalidade ***C dentro do prazo de dez días hábiles***, segundo o establecido na Base 7.1.; deducíndose e observándose respecto deste punto que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido,

coa excepción das entidades locais solicitantes: **Concello de Ourense, Concello de Ribadeo, Concello de Cangas, Concello de Ortigueira e Concello de Gondomar**; as dúas primeiras administracións, tendo finalizado o prazo do requirimento o pasado día 19 de abril de 2007, non se aportou por ningunha delas a documentación preceptiva e requirida; canto ás tres restantes, se ben si se aportou parte ou toda a documentación requirida no oficio remitido no seu día (e téndoo recibido por elas o pasado 9 de abril), esta foi presentada con posterioridade ao remate do prazo máximo establecido no mesmo -o prazo de subsanación establecido polos requirimentos remataba o 19 de abril de 2007-; polo que se establece que as restantes instancias queden admitidas nesta convocatoria, pasando á fase final de baremación dos proxectos, coa excepción das instancias presentadas polos concellos de **Ourense, Ribadeo, Cangas, Ortigueira e Gondomar**, por non ter presentado a documentación requirida, ou ben por tela presentado fóra do prazo establecido regulamentariamente, en cumprimento da Cláusula SÉTIMA, epígrafe 1.2º das presentes bases.

Unha vez aclarado este aspecto, procédese finalmente a iniciar a avaliación e baremación dos proxectos presentados polos concellos solicitantes, con base na documentación achegada por deles dentro do prazo requirido para o efecto e co fin de efectuar o seu pertinente exame e posterior adxudicación da subvención, con base na documentación técnica e profesional, o proxecto de investimento e o orzamento presentado; resultando da avaliación inicialmente efectuada o seguinte informe de adxudicación provisional de axudas, para a modalidade **"C"**, emitido pola Comisión de Valoración consonte co establecido nas cláusulas 7ª apartado 3º e 8ª apartado 4º, así como no epígrafe 4º do Capítulo VII da convocatoria; xuntándose á presente acta no cadro relacionado como **ANEXO I** -que se achega como parte inseparábel dela-, e elevándose ao órgano instructor para que, á súa vez, emita a proposta de resolución ao Consello Reitor do **IGAEM**.

E sendo as 12:00 horas do día 22 de maio de 2007, non tendo máis que valorar e non habendo outras incidencias, procédese a dar por rematada a presente xuntanza, levantándose e asinándose esta acta, en representación dos restantes membros, o Presidente e a Secretaria da Comisión de Valoración para constancia de canto antecede e en proba de conformidade co seu contido.

O Presidente da Comisión

A Secretaria da Comisión

Asdo.: Miguel Martín Fernández

Asdo.: Paula Villasenín Parrado

ANEXO I

INFORME-PROPOSTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN: AXUDAS ÁS DOTACIÓNS PARA INVESTIMENTOS DA “REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS”

(Valoración dada ás instancias presentadas na modalidade de axudas C, consonte cos criterios previstos no apartado 4º do Capítulo VII da convocatoria de axudas ao sector escénico e musical):

ENTIDADE SOLICITANTE	Rex.	PUNTUAC.	SUBVENCIÓN	% SOBRE PROXECTO	A XUSTIFICAR
CONCELLO DE PONTEVEDRA (Pazo de Congresos e Exposicións)	512	56 puntos	20.000,00 €	60%	33.333,33 €
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE A. (Auditorio Múnic. de Vilagarcía)	475	53 puntos	8.199,00 €	60%	13.665,00 €
CONCELLO DE MUROS (Auditorio Centro C. e X. de Muros)	472	44 puntos	13.500,00 €	48,73%	27.703,67 €
CONCELLO DE CARBALLO (Auditorio do “Pazo da Cultura”)	626	44 puntos	9.238,70 €	60%	15.397,83 €
CONCELLO DE ARTEIXO (Audit. “Centro Cívico e Cultural”)	325	43 puntos	20.000,00 €	60%	33.333,33 €
CONCELLO DE SANTIAGO DE C. (“Teatro Principal”)*	418	43 puntos	4.266,92 €	60%	7.111,53 €
CONCELLO DE BURELA (Auditorio “Casa da Cultura”)	284	39 puntos	18.721,64 €	50%	37.433,28 €
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Auditorio Municipal)	353	37 puntos	20.000,00 €	44,39%	45.055,95 €
CONCELLO DE VILALBA (Audit. Municipal C. Estévez)	501	34 puntos	6.073,74 €	60%	10.122,90 €
CONCELLO DO CARBALLIÑO	285	31 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE FOZ	346	31 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE BOIRO	518	31 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE REDONDELA	551	31 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE OLEIROS	352	28 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DA ESTRADA	354	25 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DAS PONTES DE G. R.	496	25 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE SADA	519	21 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE CAMBADOS	550	21 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE AMES	511	20 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE CULLEREDO	474	20 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE VIVEIRO	476	20 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE CEE	473	10 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE BETANZOS	627	10 puntos	0,00 €		0,00 €
CONCELLO DE SILLEDA	267		Excluído**		0,00 €

CONCELLO DE VALGA	520		Excluído**		0,00 €
CONCELLO DE VILANOVA	552		Excluído**		0,00 €
CONCELLO DE RIBADEO	549		Excluído***		0,00 €
CONCELLO DE OURENSE	548		Excluído***		0,00 €
CONCELLO DE ORTIGUEIRA	286		Excluído***		0,00 €
CONCELLO DE CANGAS	423		Excluído***		0,00 €
CONCELLO DE GONDOMAR	553		Excluído***		0,00 €
CONCELLO DE SAN SADURNIÑO	644		Excluído****		0,00 €
TOTAIS:			120.000,00 €		223.156,82 €

* A cantidade asignada ao Concello de Santiago de Compostela irá destinada á xustificación de gastos efectivamente realizados única e exclusivamente ao “Teatro Principal”, non para o Auditorio de Galicia.

** EXCLUÍDOS por incumprimento dos requisitos específicos recollido na convocatoria de axudas, previsto no parágrafo 1º da Cláusula 2ª, Capítulo VII (requisito dos beneficiarios, que deberán ser entidades públicas titulares de teatros, auditorios e/ou espazos escénicos integrantes da RGTA).

*** EXCLUÍDOS por non ter presentado TODA a documentación complementaria e preceptiva esixida dentro do prazo estipulado no requirimento para o efecto (Base 7ª, epígrafe 1.2º do Capítulo III).

**** EXCLUÍDO por presentar a solicitude FÓRA DE PRAZO, consonte co establecido na Base QUINTA da presente convocatoria de axudas.